

Polo de Competencias para o Desenvolvemento Rural

PROGRAMA DE ACTIVIDADES XANEIRO – MARZO 2009

I XORNADAS DE FRUTICULTURA



Coa parada vexetativa dos meses de inverno, é o momento preciso para levar a cabo diversas tarefas nas árbores: plantacións, podas e enxertos principalmente. Desde hai anos véñense organizando diversas accións formativas neste eido. Coa posta en funcionamento do "Polo de Competencias para o desenvolvemento local" están programadas as I Xornadas de Fruticultura, que teran lugar nas datas seguintes:

22, 23 e 24, de xaneiro e 12, 13 e 14 de marzo de 2009.

Os días indicados serán xoves e venres pola tarde e sábados pola manán. Editarase un folleto que se remitirá por email. Coordina Amancio Lavandeira e para inscricións, na dirección inscricions@efafonteboa.org

CURSO DE ORIENTACION FAMILIAR



Complementario aos GT de Familias, durante os meses de febreiro e marzo está previsto ter un Curso de Orientación Familiar.

As sesións serán os sábados 22 e 29 de febreiro, 7, 14, 21 e 28 de marzo; pola tarde, de 16,00 a 18,00 horas.

É unha actividade dirixida a matrimonio interesados na mellora das súas competencias na educación dos fillos. Será impartido polo Instituto de Orientación Familiar Altamar de A Coruña. Para inscricións, contactar coa Dirección da EFA.

REUNIÓN DOS "AMIGOS DAS ABELLAS"



Este grupo, ao que se van sumando novos efectivos, continúa co seu programa de reunións. A primeira de 2009 está convocada para o luns 26 de xaneiro, as 20,00 horas. Trataranse temas de actualidade do mundo apícola, problemáticas e solucións ás mesmas e calendario de traballo para 2009

AINFOVAC



Desde Ainfogra continúa coa difusión de Ainfovac. Nos meses de novembro e decembro unha treintena de gandeiros de Feiraco asistiron a un curso de formación impartido na sede da cooperativa. Para xaneiro e febreiro (aínda sen concretar datas) haberá novos cursos en Feiraco. Para inscricións, contactar cos servizos técnicos da Cooperativa.

Tamén se pode asistir ás sesións de formación que habitualmente se imparten en Ainfogra. Contactar con José Manuel Campos. (josemanuel.campos@efagalicia.org)


VIAXE TÉCNICO PROFESIONAL A LA VENDÉE (PAYS DE LA LOIRE – FRANCIA)

Do 28 de Febreiro (saída sábado 22,00 horas) ao 7 de marzo terá lugar a clásica viaxe profesional de Fonteboa a Meslay. Os contidos son xa coñecidos: análise de diferentes modelos de producións e xestión das explotacións agrarias no seu contexto. Ademais este ano, coa recente reforma da PAC, teremos ocasión de analizar como se posicionan os profesionais franceses cara aos vindeiros anos.

A primeira viaxe a La Vendée foi en 1989, có que estamos de aniversario: 20 anos de intercambio ininterrompido e moi enriquecedor para todos.

Para inscricións contactar coa Dirección da EFA. Coordinan Luis García e Constante Lorenzo.


XORNADA DE PODA E ENXERTO ORNAMENTAL



Prevista para o mércores 14 de xaneiro. Pola mañan, formación teórica en Fonteboa (de 10 a 14 h), e pola tarde, formación práctica en Viveiros de San Mamed de Seavia.

Coordina Amancio Lavandeira.

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN AGRO-GANDEIRA



Para o primeiro trimestre de 2009 están previstas as seguintes actividades:

Salas de muxido: instalacións, limpeza e mantemento. En colaboración coas empresas Agricor, Tubio Romero e Hypred Ibérica terán lugar estas sesións de formación os días 21, 22 e 28 de xaneiro e o xoves 5 de febreiro. Inclúen formación teórica en Fonteboa e estudo de casos concretos en explotacións.

Anatomía reproductiva da vaca de leite: mércores 11 de febreiro, impartido por Miguel Quintela, veterinario e xerente da Cooperativa Xallas (Santa Comba).

Benestar Animal en porcino: xoves 12 de febreiro, impartido por persoal técnico de Nudesa (Silleda)

ACTIVIDADES DE ADAMA



A Asociación de mulleres ADAMA (asociación para a dinamización e animación da muller do agro) continuará no primeiro trimestre de 2009 co seu plan de actividades: unha xuntanza mensual, un sábado, na sede da EFA en horario de 11 a 17,00 horas (diversas actividades de formación). Constituída en 2006, vai sumando efectivos coa incorporación de nais de novos alumnos de ESO e de FP. Para mais información, contactar coa Dirección da EFA.

PARA MELLORAR A COMUNICACIÓN



Cada vez se van dispoñendo de direccións de e.mail. Os Antigos Alumnos que asistiron as reunións das respectivas promocións do mes de novembro, deixaron as súas direccións.

Dispoñer do email facilita o envío do boletín **O Baúl do Antigo** que mensualmente confecciona Chevi Echevarría, e informacións das diferentes propostas de actividades de formación ou infirmacións de interese. Envíanos a túa dirección a fonteboa@efagalicia.org